

Mestrado universitario en *Literatura, cultura e diversidade*

(en trámite de verificación)

No próximo curso 2011-12, a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña ten previsto implantar o **Mestrado universitario en *Literatura, cultura e diversidade***, unha vez conclúa o preceptivo proceso de verificación previa.

Por que cursar o mestrado

Este mestrado dá resposta á necesidade de formar universitarios na adquisición das competencias precisas para investigar, coñecer, recuperar, estudar e difundir as culturas e as literaturas, desde o respecto a e a promoción da diversidade cultural.

Estes estudos sitúanse no ámbito humanístico e no das ciencias sociais, con especial atención á intersección entre ambos, como é o caso dos estudos culturais e os estudos de xénero.

A atención á renovación dos estudos culturais, literarios e interartísticos, con novos paradigmas teóricos e novas perspectivas metodolóxicas, combínase coa presenza de enfoques de longa tradición e rendemento académicos. O comparatismo e o carácter interdisciplinar son outras dúas características relevantes deste mestrado.

Xunto coa formación xeral en literatura, cultura e diversidade, o mestrado ofrece tres ámbitos culturais de **especialización**: o anglófono, o hispánico e o galego -portugués.

O **Mestrado universitario en *Literatura, cultura e diversidade*** dá acceso aos seguintes **doutoramentos** ofertados polos departamentos da Facultade:

- **Estudos lingüísticos e literarios do galego e do portugués** (Departamento de Galego-portugués, Francés e Lingüística)
- **Lingua, texto e expresión artística** (Departamento de Filoloxía Española e Latina)
- **Novas aproximacións aos estudos norteamericanos e anglo-irlandeses** (Departamento de Filoloxía Inglesa)

As liñas de investigación dos doutoramentos citados poden consultarse desde o enlace <http://www.udc.es/ensino/doutoramento/>

En que consiste o mestrado

O mestrado ten unha duración de un ano académico e 60 créditos ECTS. No primeiro cuadrimestre impartiranse os tres módulos de materias obrigatorias (**Teoría e crítica nos estudos literarios e culturais**, **Tecnoloxías e métodos para os estudos literarios e culturais**, e **Literatura, cultura e arte**), con un total de 30 créditos ECTS.

No segundo cuadrimestre, o estudante cursará o módulo da súa especialidade (24 créditos ECTS): **Literatura e cultura no ámbito hispánico**, **Literatura e cultura no ámbito anglófono** ou **Literatura e cultura no ámbito galego-portugués**.

Como colofón do mestrado, haberá que realizar e presentar un traballo fin de mestrado (6 créditos ECTS).

Planificación académica

1º CUATRIMESTRE	
MÓDULOS COMÚNS E OBRIGATORIOS	MATERIAS
Teoría e crítica nos estudos literarios e culturais (12 créditos)	Teoría e crítica nos estudos literarios (3 créditos)
	Novos enfoques nos estudos literarios e culturais (3 créditos)
	Literatura, cultura e sociedade (3 créditos)
	Estudos comparatistas e tradicións literarias (3 créditos)
Tecnoloxías e métodos para os estudos literarios e culturais (9 créditos)	Métodos e técnicas para a elaboración e presentación de traballos de investigación (3 créditos)
	Estudos do libro e edición (3 créditos)
	Recursos para a investigación da literatura (3 créditos)
Literatura, cultura e arte (9 créditos)	Literatura e espectáculo (3 créditos)
	Literatura e arte (3 créditos)
	Literatura e medios de comunicación (3 créditos)

2º CUATRIMESTRE	
MÓDULOS ESPECÍFICOS E OPTATIVOS	MATERIAS
Literatura e cultura no ámbito hispánico (24 créditos)	Literatura española e hispanoamericana: xéneros (3 créditos)
	Literatura española e hispanoamericana: autores (3 créditos)
	Literatura española e hispanoamericana: obras (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en Literatura española da Idade Media (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en Literatura española dos Séculos de Ouro (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en Literatura española contemporánea (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en Literatura Hispanoamericana (3 créditos)
	Literatura hispánica e tradición (3 créditos)

Literatura e cultura no ámbito anglófono (24 créditos)	Literatura, cultura e xénero (3 créditos)
	Literatura, cultura e diversidade (3 créditos)
	Muller e literatura inglesa (3 créditos)
	Literatura inglesa e ideoloxía (3 créditos)
	Espazos de multiculturalidade na literatura norteamericana (3 créditos)
	Culturas e literaturas das diásporas africana e asiática (3 créditos)
	Literaturas en lingua inglesa no contexto postcolonial 1 (3 créditos)
	Literaturas en lingua inglesa no contexto postcolonial 2 (3 créditos)
Literatura e cultura no ámbito galego-portugués (24 créditos)	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura medievais (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura galega do século XIX (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura galega do século XX (3 créditos)
	Literatura e cultura galegas no século XXI (3 créditos)
	Os discursos críticos nas literaturas e nas culturas en lingua galega e portuguesa (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura portuguesas (3 créditos)
	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura brasileiras (3 créditos)
Temas e liñas de investigación en literaturas e culturas africanas de lingua portuguesa (3 créditos)	
TRABALLO FIN DE MESTRADO (6 créditos)	

Obxectivos do mestrado

1. Proporcionar ao estudante unha formación especializada avanzada nos estudos literarios e culturais para preparalo para o acceso a diferentes postos de profesional cualificado e para a realización do doutoramento.
2. Capacitar ao alumnado para que adquira un coñecemento exhaustivo das liñas de investigación e das propostas críticas máis relevantes no ámbito dos estudos literarios

e culturais.

3. Capacitar ao alumnado para abrir vías de investigación novidasas no ámbito dos estudos culturais e literarios.

4. Dotar ao estudantado da capacidade de comunicar as súas conclusións –e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan– a públicos especializados e non especializados no ámbito dos estudos literarios e culturais dun modo claro e sen ambigüidades.

Acceso e admisión

Os requisitos de acceso son os contemplados no art. 16 do Real Decreto 1393/2007 del 29 de octubre sobre la organización de las enseñanzas Universitarias Oficiales que establece que para acceder ás titulacións de mestrado se requerirá estar en posesión de un título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de mestrado.

Nos criterios de selección para acceder ao mestrado, terase en conta:

- a) o expediente académico
- b) a formación previa no ámbito académico do mestrado
- c) o conxunto do *curriculum vitae*
- d) a competencia lingüística

Recoméndase ter formación académica previa en Artes e Humanidades ou nas Ciencias Sociais, especialmente un título de graduado (ou equivalente) no ámbito dos estudos literarios e/ou culturais.

Entre as características persoais, son necesarias cualidades como a facilidade para a expresión oral e escrita, a capacidade de abstracción e síntese, o coñecemento de idiomas, o hábito da lectura, o interese polas expresións culturais e pola diversidade lingüística e cultural.

Preinscrición e matrícula

Para cursar o **Mestrado universitario en Literatura, cultura e diversidade** é preciso realizar previamente a preinscrición. O prazo estará aberto de **13 de xuño a 21 de xullo**. A preinscrición pode realizarse por internet no enderezo

As persoas admitidas terán que formalizar a súa matrícula de 1 de agosto a 8 de setembro.

De quedaren prazas vacantes, haberá un segundo prazo de preinscrición de 26 de setembro a 4 de outubro. Neste segundo prazo, a matrícula será de 14 a 17 de outubro.

Contacto

Facultade de Filoloxía
Campus da Zapateira
15071 A Coruña
Tel. 981 167 000, ext. 1838, 1833
admifil@udc.es